

## PAUTAS PARA A PREPARACIÓN DO INFORME DE CONTROL ECONÓMICO INTERNO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O modelo de Prevención e Control Interno está formado por un conxunto de fundamentos, principios, acción, normas e procedementos creados pola organización para garantir a efectividade e eficiencia da xestión, o logro de obxectivos e o cumprimento das normas de contratación establecidas polo Bloque Nacionalista Galego e da Lei.

Os obxectivos perseguidos son:

- Lograr un bo funcionamento da organización, dos seus sistemas operativos e da optimización no uso dos recursos
- Garantir o cumprimento da lei, dos regulamentos e das instrucións.
- Mellorar a xestión dos recursos.
- Detectar excepcións e propor acción para resolvelas.

Para lograr os obxectivos aplícanse as seguintes medidas:

- Fomentar o coñecemento da normativa aplicábel.
- Informar aos órganos de dirección nacional, comarcal e ás traballadoras e traballadores dos deberes e obrigacións normativas.
- Realizar unha autoavaliación periódica do cumprimento dos mesmos. Para iso, as comarcas deben enviar as facturas ao final de cada trimestre para realizar unha mostraxe e tamén para facer as declaracións trimestrais pertinentes.

Detalle dos diferentes controis sobre as diferentes áreas:

- Do sistema de control en relación cas entidades bancarias:

O BNG ostenta a titularidade de todas as contas bancarias e é responsabilidade da Representante Xeral autorizar ás persoas que se determine en cada momento como autorizadas/os das mesmas. Para este procedemento, as comarcas solicitan a apertura das contas ou cambios que consideren apropiados nas persoas autorizadas, avalíase se é preceptivo, e procédese ao envío da autorización para que vaian á entidade bancaria procesar o cambio.

A regra xeral é que haxa só una conta bancaria por comarca, excepto nos casos nos que estea expresamente xustificado polo cumprimento dunha obrigaón legal das distintas administracións.

Cando hai procesos electorais as contas bancarias das comarcas serán bloqueadas para una maior seguridade do cumprimento da lei electoral e para evitar ingresos indebidos ou gastos electorais que non van na conta correspondente.

- Do sistema de control na xestión de cotas:

A xestión da recadación das cotas de afiliadas e afiliados está centralizada na Sede Nacional. Este ingreso realízase nunha soa conta nacional aberta para este propósito e na que só pode haber ingresos desa natureza, tal e como establece a Lei.

Cando haxa, por parte das comarcas, xestión das devolucións, os ingresos obtidos destas xestións tamén deben ser ingresados nesa conta de cotas nacional e non nas respectivas comarcas, que non teñen una conta bancaria específica para este propósito.

- Do sistema de control na xestión de doazóns:

O BNG terá una conta aberta na que só se depositarán doazóns, tal e como establece a lei. O procedemento que se estableceu para poder identificar todos os ingresos é o seguinte: a persoa interesada en facer unha doazón ao BNG debe enviar unha solicitude á área de Finanzas co nome, apelido, documento de identidade, número de conta e importe da doazón. A área de Finanzas emite un recibo mediante remesas bancarias que se cargará na conta de cada persoa interesada. Este procedemento foi acordado no seu día co Tribunal de Contas e a entidade bancaria, e foi e é fundamental para ter o control do cumprimento da lei, tendo en conta todos os ingresos identificados polo nome, apelidos e documento de identidade para despois informar a Facenda a través do modelo 182. Este número de conta só se proporciona en casos illados por razóns xustificadas e a solicitude expresa da parte interesada. Ao ano seguinte, desde a área de Finanzas envíanse os preceptivos certificados de doazóns que emite o banco a cada persoa doante. Este procedemento estableceuse ante a inseguridade de que a entidade bancaria, obrigada pola lei a ficar con todos os datos bancarios, o fixera.

- Do sistema de control na xestión de achegas:

El BNG terá que ter una conta aberta para o ingreso destas achegas única e exclusivamente, tal e como esixe a lei.

- Do sistema de control na xestión de lotaría e o sorteo:

A xestión da lotaría de Nadal debe ser moi rigorosa e exhaustiva. A lotaría de Nadal é xestionada pola área nacional de Finanzas. As comarcas que reciben lotaría par a súa venda deben recibir instrucións escritas sobre como proceder. As instrucións deben indicar a obrigación de selar cada participación, a necesidade de realizar un seguimento de quen recibe cada talonario, o número que xoga cada comarca, as participacións enviadas, o prazo de devolución e o prazo de pago. Por parte da oficina nacional, debe quedar constancia de que talonarios se envían a cada comarca e quen será a persoa responsábel en cada caso. A medida que se realizan as devolucions á Área de Finanzas, débese rexistrar un informe escrito dos boletos que se venden e dos que non, co obxectivo de que se toca un premio se poida realizar unha listaxe das participacións premiadas.

A xestión da lotaría de Reis é realizada polas comarcas. A comarca que decida participar desta lotaría debe solicitar autorización á área de Finanzas e á Organización Nacional. Unha vez obtida a autorización, deberá proceder de maneira similar á xestión da lotaría de Nadal a nivel nacional. O rigor é fundamental.

Con motivo da celebración do Día da Patria faranse rifas se se considera, e deben ter un control similar ao da lotaría para acadar os mesmos obxectivos.

- O sistema de control de subvencións:

Subvención da Xunta de Galiza. Presentar a solicitude dentro dos dez días posteriores á aprobación do orzamento, e logo pedir libramento da parte correspondente mes a mes para cumprir coa metodoloxía establecida polo organismo competente. Ademais, en xaneiro do ano seguinte, preparar a xustificación para a súa presentación.

- Subvención ao Parlamento de Galiza. Facer un seguimento de que puntualmente se fai a xustificación pertinente e de que se recibe o cobro establecido mes a mes en cada lexislatura.

- Subvencións estatais. Facer seguimento da presentación da documentación requirida e do cobro establecido en cada lexislatura. Prestarase especial atención á subvención de seguridade para a súa xustificación tal e como esixe a lei.
- Asignación dos grupos municipais. Desde as áreas orgánicas de Finanzas, Organización e Municipal, velarase polo cumprimento das normativas aprobadas en cada unha das localidades nas que temos esta asignación e daranse instrucións par ao seu cumprimento estrito.
- Subvencións electorais. Durante os procesos electorais, velarase polo cumprimento da xustificación das mesmas, a solicitude dos anticipos e o estrito cumprimento da lei electoral.

• Do sistema de control de gastos de alugueiro:

O gasto en alugueiros a nivel nacional límitase xeralmente ao alugueiro de locais para eventos, previamente aprobado pola Executiva Nacional, o alugueiro dalgún vehículo de forma ocasional.

Nas comarcas, o procedemento para poder alugar locais estará sempre baixo autorización previa. No caso de consideralo positivo, a representante xeral envía a autorización para que a persoa que designe a comarca proceda á sinatura do contrato. Como regra xeral, a persoa que asina este documentos será a/o responsábel comarcal, de organización ou local. Unha vez asinado o contrato, as comarcas están obrigadas a enviar unha copia do mesmo e, a partir dese momento, ao final de cada trimestre, pasar as facturas emitidas para liquidar o IRPF trimestral, xa que todo está centralizado.

• Dos gastos de servizos profesionais:

A asesoría laboral, para as altas e baixas do persoal, a confección de nóminas, presentación dos seguros sociais e as retencións con Facenda está externalizada e realizase de forma centralizada.

A asesoría xurídica. Cando sexa necesario recorrer a este servizo, é imprescindible que este gasto sexa expresamente autorizado pola Executiva Nacional.

Outros traballos de profesionais independentes. En calquera caso, tanto a nivel nacional como das comarcas, é necesario solicitar orzamentos e contar coa

aprobación tanto da Executiva nacional como o organismo da comarca correspondente.

- Dos gastos de publicidade e propaganda:

A pesar da existencia dunha partida orzamentaria detallada para esta finalidade, deberán ser postos en coñecemento da Executiva Nacional ou Comarcal, segundo corresponda, para a súa avaliación.

- Dos gastos de subministro:

Os gastos postais, de telefonía fixa e móbil xestionanse de forma centralizada. A maiores, cada local xestiona o subministro de electricidade, auga e lixo.

- Dos gastos doutros servizos:

Unha parte dos gastos de xestión corrente están centralizados para unha maior operatividade e unha mellor xestión dos recursos. Estes son os gastos de mantemento da base de datos, prevención de riscos laborais, sistema de envío de mensaxes telefónicas, etc.

O resto de gastos que poidan xurdir durante todo o ano, deberán estar suxeitos ao procedemento habitual establecido polas normas de contratación.

- Dos gastos de persoal:

Toda contratación de persoal debe ser aprobada pola Executiva Nacional, previa solicitude expresa.

O pago das retencións de Facenda e dos seguros sociais realízase de forma centralizada. O pago dos salarios non nacionais é realizado pola comarca correspondente, e os salarios nacionais pola Sede Nacional.

- Dos traballos da Fundación Galiza Sempre:

El BNG, na medida en que a Executiva Nacional o considere, atenderá as necesidades que a Fundación Galiza Sempre lle presente.

- Dos gastos electorais:

Para cumprir estritamente coa lei electoral, en cada proceso enviaranse instrucións clara e concisas ás diferentes comarcas para o estrito cumprimento da lei.

- Verificación del cumprimento do SPRP.

Análise dos obxectivos, identificación das actividades desenvoltas, avaliación dos posibles riscos e resposta aos mesmos.

# INFORME DE CONTROL INTERNO ECONÓMICO DO EXERCICIO 2023

AO CONSELLO NACIONAL DO 24 DE FEBRERO DE 2024

Unha vez expostas as pautas de elaboración do Informe de Control interno económico para o exercicio 2023, procédese a dar conta do Informe para dar coñecemento del ao Consello Nacional e sometelo a votación.

As contas consolidadas do Bloque Nacionalista Galego durante o exercicio 2023 están integradas pola contabilidade de todas as comarcas, a de Galiza Nova (organización xuvenil), a do Parlamento Galego, a das eleccións municipais, a das eleccións xerais e a da Sede Nacional.

Neste exercicio 2023 consolidanse todas as comarcas, que procedemos a nomear: A Coruña, Ferrolterra, Compostela - A Barcala - Terra de Ordes, Ría de Muros e Noia, Barbanza, Costa da Morte, Bergantiños, A Montaña, Lugo, Lugo Sul, A Mariña, Ourense - O Carballiño, Arnoia - A Limia, Monterrei e Viana, O Ribeiro, Vigo, Pontevedra - Caldas, O Morrazo, O Salnés, Baixo Miño, Tabeirós - Terra de Montes/Deza, Condado - A Paradanta, Valdeorras, Celanova - Baixa Limia e As Mariñas. Aclarar que a comarca da Coruña e a das Mariñas preséntanse nunha mesma contabilidade, tal e como se viña facendo antes da súa separación, para seguir a estrutura que xa estaba funcionando.

## **POLA PARTE DOS INGRESOS**

- Do sistema de control en relación coas entidades bancarias.

Comprobouse que, previa solicitude da comarca correspondente e valoración por parte da Área de Finanzas (oficina de Finanzas, membros da Executiva vinculados á Área de Finanzas e Organización, e con dación de contas á Executiva Nacional e ao Consello Nacional), procedeu a facerse a solicitude de cambio de autorizados diante da entidade bancaria de diferentes contas comarcais. Nese momento, acordouse coa entidade bancaria que estas comunicacións centralizaranse na oficina principal de Santiago de Compostela para evitar así problemas de xestión e problemas cos saldos, tal como sucedeu

en anos anteriores. Comprobouse que os cambios que se efectuaron son debidos a cambios na Responsabilidade Comarcal ou de Finanzas correspondente, polo que a solicitude está correcta.

Ínstase á Área de Finanzas a levar o máximo seguimento posíbel ás entidades bancarias coas que traballamos, en canto a problemas cos saldos, cambios contractuais inesperados, etc., co obxectivo de controlar e maximizar a utilización dos nosos recursos.

No anexo I, axúntanse mostras solicitadas para a verificación dos feitos descritos.

Comprobouse que se pecharon as contas electorais de todos os procesos electorais concluídos. Axúntanse xustificantes da cancelación no anexo I.

Comprobouse que durante os procesos electorais deste exercicio solicitouse o bloqueo das contas e axúntanse os documentos no anexo I.

- Do sistema de control na xestión de cotas de afiliadas e afiliados:

A xestión está centralizada e os ingresos realízanse nunha única conta nacional aberta para tal fin, tal como establece a lei.

Verifícase que non hai outro tipo de ingresos nesta conta e que en ningunha outra conta hai ingresos por este concepto. Realizouse unha comprobación minuciosa en todas e cada unha das contas da organización. A única excepción que atopamos é que a Organización Xuvenil ten unha conta na que ingresa cotas que non están domiciliadas, pero que cumpre o mesmo criterio que a conta de cotas do BNG, é dicir, que ten unha conta exclusiva para ese tipo de ingresos e só hai cotas ingresadas.

Instamos á área de Finanzas a seguir facendo un seguimento exhaustivo da conta de cotas, para eliminar posíbeis incidencias e tamén a que no resto de contas non haxa ingresos por este concepto.


Tamén instamos a que se faga un breve recordatorio ás comarcas para que se cumpra isto e se detecten as posíbeis incidencias na maior brevidade posíbel.

Despois de facer un breve repaso mensual ao ingreso de cotas e as súas devolucións, observamos que nos meses nos que se realiza un seguimento exhaustivo desde a área de Finanzas Nacional e se envían as devoltas para a súa xestión ás comarcas, conséguese reducir o volume de devoltas, pero que se non se fai fincapé, as comarcas non realizan o seguimento adecuado. Instamos a que se continúe facendo o



máximo seguimento a este tema, a nivel nacional e sobre todo a nivel comarcal, que teñen acceso aos datos en tempo real, e se teña como obxectivo estar por debaixo do 10% nas devoltas.

Elabórase un gráfico cos datos das distintas remesas de cotas e as súas devoltas, para ver a evolución.



Obsérvase un incremento notábel no mes de novembro, que se debe á cota extraordinaria que aprobou o Consello Nacional para poder afrontar as próximas eleccións galegas sen problemas de liquidez.

Como conclusión deste apartado, instamos ás áreas de Organización e de Finanzas a realizar un seguimento máis exhaustivo na xestión de cobros e devolucións das cotas, xa que, a pesar de ser un pilar fundamental no sustento da organización, detéctase unha posíbel debilidade polo volume de devolucións. E, especialmente, ínstase para que desde as mesmas áreas de Organización e Finanzas, se traslade a todas as comarcas a necesidade primordial de realizar un seguimento exhaustivo da xestión de devolucións.

- Do sistema de control nas xestións de doazóns:

Tal e como se establece nas pautas de elaboración deste informe, verifícase que o procedemento seguido consiste en que as persoas interesadas en realizar unha doazón ao BNG envían a súa petición á

Área de Finanzas con nome, apelidos, DNI, número de conta e importe a doar. A Área de Finanzas emite un recibo a través de remesa bancaria para que se cargue na conta de cada interesada/o.

Deste xeito, o que tratamos de evitar é ter ingresos que non poidamos identificar e, ao mesmo tempo, que nesta conta só haxa ingresos por este concepto, tal como establece a lei. Verifícase que todos os ingresos da conta de DOAZÓNS son por este concepto e que non hai ingresos desta natureza en ningunha outra conta.

Durante este exercicio, ábrese unha conta electoral para as eleccións xerais na que se ingresan as doazóns durante ese período de tempo, xa que por indicación do Tribunal de Contas, as doazóns en período electoral deben ir ao proceso electoral. Despois das comprobacións pertinentes, verifícase que cumpre as mesmas características que a conta de doazóns ordinarias. Aínda así, non estamos conformes coa aplicación desta instrución, xa que, ao noso modo de ver, poderían existir doazóns ordinarias en período electoral perfectamente; hai convivencia de gastos/ingresos ordinarios/electorais, sen poder consideralos todos electorais como neste caso coas doazóns.

Comprobase se se presentou en tempo e forma o modelo 182 para dar conta a Facenda das mesmas, e así se fixo correctamente. Advírtense que, en canto o banco facilite os correspondentes certificados, deben ser enviados a cada doante e, en todo caso, debe facerse antes de comezar o prazo para presentar a declaración da renda.

Púidose verificar que coincide o contabilizado nas contas 714 e 731 co recadado e co declarado no modelo 182 de Facenda. Recórdase a obrigaón de presentar o detalle dos doantes na memoria da organización.

A consideración final é que este mecanismo é operativo e está a funcionar correctamente.

- Do sistema de control na xestión de achegas de persoas físicas:

Verifícase que a organización segue sen ter aberta conta para tal fin. Indícase que, se vai ter ingresos desta natureza, se proceda á apertura da conta pertinente e á súa comunicación ao Tribunal de Contas.

Despois de realizar as comprobacións pertinentes, detéctase que na comarca do Salnés houbo dous ingresos durante todo o ano. Tras investigar que ocorreu, verifícase que foi un erro do Concello, xa que

utilizou en meses esporádicos a conta onde se ingresa a asignación de grupo para realizar o ingreso por asistencias dunha das concelleiras.

Instamos á organización nacional e ao resto das comarcas a que presten atención a este punto, que se abra a conta de achegas e que se faga un seguimento minucioso para que, en caso de que se repita o que ocorreu este ano na comarca do Salnés, se poida actuar con rapidez.

- Do sistema de control na xestión de lotaría e rifas:

Durante este exercicio 2023 non se vendeu lotaría de Nadal, nin do Neno, nin se fixeron rifas para o Día da Patria. Non se vendeu porque, ao igual que o ano anterior, ningunha entidade bancaria se comprometeu a pagar o premio no caso de que algunhas das participacións emitidas resultar premiada. Considérase que, mentres non haxa garantía absoluta de que unha entidade bancaria pague o premio no caso de que se produza, non se debe vender lotaría.

- Do sistema de control das subvencións:

Verifícase o cobro da subvención da Xunta de Galicia, se se librou e se cobrou todos os meses, así como se se presentou a correspondente xustificación dentro do prazo establecido, é dicir, durante o mes de xaneiro de 2024.

Tamén se comprobou o cobro da subvención do grupo do Parlamento de Galicia.

Verifícase se se cobrou correctamente a subvención ordinaria de funcionamento e a subvención de seguridade.

En canto ás asignacións aos grupos municipais, tras examinar a información solicitada, instamos á organización a traballar con cada un dos distintos grupos que reciben dita asignación para que haxa un criterio unánime na forma de recibir esta subvención, nos criterios seguidos para o seu gasto, na posibilidade de facer achegas á organización e na xustificación de todo... Xa que o que se segue observando é que cada concello ten un criterio diferente e non é nin moito menos unánime, o que consideramos un grave problema para a organización e para os grupos municipais.

Aprécianse avances, pero hai que seguir traballando neste campo e todos os grupos municipais deben ter o seu CIF e a súa conta bancaria onde cobrar a asignación de grupo.

## POLA PARTE DOS GASTOS

- Dos gastos de alugueiro:

A nivel nacional, os gastos en alugueiros neste exercicio incrementáronse, pero é habitual nun exercicio con dous procesos electorais, e en todo caso, foron gastos aprobados pola Executiva Nacional, que foi quen decidiu realizar os actos que derivaron neses gastos.

Comprobamos que durante o ano 2023 asináronse varios contratos novos de alugueiro de locais nas comarcas. Cotexáronse dous. As solicitudes, unha da localidade da Rúa, fíxose nunha reunión nesa comarca coa área de Organización e exclusivamente para algo puntual por intendencia, e a outra, a de Xunqueira, por correo electrónico. Logo, ambas localidades enviaron o contrato para revisar, enviouse a autorización para asinar e recibíuse copia do contrato asinado. Considérase que o proceso é correcto.

Para realizar a mostraxe do cumprimento de todos os requisitos de recepción de factura, pagamento e declaración de IRPF, neste exercicio escolleremos os mesmos alugueiros que durante o exercicio de 2022, para poder detectar que avanzamos no cumprimento do requirido e para verificar que se atenden as advertencias expostas o ano anterior.

- Facturas do local da Coruña:

Verifícase que están ben contabilizadas as facturas dos seis primeiros meses. Hai un contrato novo do 1 de xullo no que se exime do pagamento do alugueiro por realización de obras. Instamos á organización comarcal a levar un seguimento exhaustivo deste tema e, unha vez rematadas as obras, que se axunte toda a documentación. Verifícase que os pagamentos están ben feitos até abril e que, como en ocasións anteriores, o bloqueo das contas volve afectar aos pagamentos periódicos. Apréciase o pagamento dunha factura a maiores o 3 de novembro, mais que foi devolta polas persoas propietarias o 18 de xaneiro de 2024. Os trimestres están presentados correctamente. Instamos á organización comarcal a cumprir rigorosamente coa recepción e pagamento das facturas deste alugueiro.

- Facturas do local de Betanzos, comarca das Mariñas:

Contabelmente na contabilidade da Coruña. Verifícase que se contabilizan e se pagan ben as facturas durante todo o ano. O único desaxuste que houbo, mais que se solucionou en breve tempo, foi debido ao bloqueo das contas. As facturas foron ben declaradas trimestre a trimestre. Deixaron o local no mes de outubro.

- Facturas do local de Compostela:

Verifícase que están ben contabilizadas, pagadas e declaradas. Mais fixeron caso omiso á instancia do ano pasado para que na contabilidade se creen contas contábeis de provedores máis habituais individualizadas, para poder facer un seguimento máis fácil. Por iso, volve instarse á comarca para que, para os provedores máis habituais, como os alugueiros de locais, se faga unha conta contábel diferenciada, para facilitar o seguimento da secuencia.

- Facturas do local de Carballo, comarca de Bergantiños:

Está contabilizado ben. Detectamos que quedaron sen pagar tres facturas do ano anterior. Os pagamentos non son regulares, senón que xuntan dúas ou tres mensualidades. Instamos á comarca a que revise este incidente e, tal como instamos o ano anterior, pague as facturas mes a mes.

- Facturas do local de Poio, comarca de Pontevedra:

As facturas foron contabilizadas, pagadas e declaradas correctamente.

- Facturas do local de Porriño, comarca do Condado:

Facturas contabilizadas, pagadas e declaradas correctamente.

- Facturas do local da Estrada:

Facturas contabilizadas e pagadas correctamente, aínda que se observa que o bloqueo das contas afectou á regularidade.

- Facturas do local de Celanova:

Facturas contabilizadas e declaradas correctamente, pero verifícase novamente que o pagamento se está efectuando mal, pagándose 1,67 euros de máis todos os meses. Instamos novamente a que se corrixa este erro.

- Facturas do local de Arzúa:

Facturas ben contabilizadas. Apréciase que quedan sen pagar os meses de maio e xuño debido ao bloqueo das contas, pero tampouco se fai o pagamento a posteriori. Instamos á comarca a que leve de forma máis exhaustiva a recepción e o pagamento destas facturas.

- Facturas do local de Barreiros:

Despois de cotexar as facturas, apréciase que está ben contabilizado, pagado e declarado. É certo que tamén se percibe que o bloqueo das contas afectou ao pagamento periódico, pero corríxese de inmediato.

Instamos ás comarcas a que presten unha maior atención na recepción, contabilización, traslado á sede nacional das facturas para a súa declaración e realización do pagamento dos gastos deste capítulo. Tamén que non fagan caso omiso das advertencias que se fan. Concluimos que, a pesar de que o bloqueo das contas afecta aos pagamentos periódicos deste capítulo, se unha vez desbloqueadas as contas se fan os pagamentos pendentes, non pasa nada; o problema é se non se revisan ditos pagamentos.

No anexo II axúntase a documentación verificada relativa a este punto.

- Dos gastos de servizos profesionais:

Verifícase que os gastos a nivel nacional desta partida foron sempre previamente aprobados pola Executiva Nacional, tanto os de asesoramento xurídico como os de asesoramento en comunicación e calquera outro concepto. A asesoría laboral, aínda que está nunha conta contábel diferente, tamén se podería asemellar a este tipo de gasto; é unha partida importante, pero tamén é un gasto aprobado pola Executiva Nacional.

Escóllese unha mostra de diferentes provedores, diferentes trimestres, diferentes comarcas, eleccións municipais, eleccións xerais, grupo parlamentario e nacional, para que sexa o máis representativa posíbel e verificar se estaban ben contabilizadas, pagadas e declaradas.

Instamos á área de Finanzas a realizar un punteo específico e rigoroso deste tipo de facturas, por se houber algunha factura pendente de declarar, sobre todo nun ano con dous procesos electorais, no que o volume de facturación é moito maior.

Anexo III: Documentación verificada relativa a esta partida de gasto.

- Dos gastos de publicidade e propaganda:

Os gastos deste capítulo na contabilidade nacional corresponden sempre ao desenvolvemento de actividades aprobadas pola Executiva Nacional, con encargos moi concretos e orzamentados con anterioridade na maioría dos casos.

Nas comarcas, tamén son gastos aprobados polo Consello Comarcal correspondente, e a nivel nacional se fose o caso.

Non se detectaron anomalías.

- Dos gastos de subministración:

Están centralizados os gastos de telefonía fixa, telefonía móbil e correos na maioría das comarcas. O resto dos gastos corresponden ao subministro de luz e auga.

Non se detectaron anomalías.

- Dos gastos de outros servizos:

Gastos de xestión e da actividade corrente do BNG. Na verificación dos mesmos non se detectou ningunha anomalía e cumpríronse as pautas establecidas.

No anexo IV axúntanse mostras de facturas que se cotexaron de diferentes tipos de gasto en publicidade e propaganda, de enquisas e de outros servizos, así como de diferentes comarcas que, a pesar de cumprir coas normas de solicitude de autorización, foron verificadas.

- Dos gastos de persoal:

O servizo está contratado cunha xestoría que se encarga de confeccionar as nóminas, presentar retencións e seguros sociais. O mecanismo utilizado é o pagamento centralizado de retencións e seguros sociais. O pagamento das nóminas que non son nacionais correspóndelle á comarca correspondente, mentres que os salarios nacionais son pagos pola Sede Nacional.

O convenio colectivo a aplicar durante este ano é o que se aprobou en decembro de 2020, ao que se lle aplicou a suba do IPC, tal como establécese para este ano. Este feito foi comunicado a todas as persoas traballadoras por correo electrónico.

Na verificación de datos, puidemos observar:

- Na Sede Nacional:

Apréciase que se arrastra unha diferenza de anos anteriores de 40,23 euros, que se aconsella regularizar. Por outra banda, do ano en curso, obsérvase unha diferenza de 93,21 euros, correspondente a unha diferenza en xullo de 92,22 euros e 0,99 en decembro.

- Na comarca do Salnés:

O rexistro da nómina está ben, mais non se paga adecuadamente mes a mes. Ao final do ano, queda ben pagado todo o ano porque se fan contas e se paga a diferenza pendente. Instamos a esta comarca a que realice o pagamento mes a mes de forma adecuada e evite as regularizacións.

- Na comarca de Pontevedra:

En xaneiro pódese ver un pagamento incorrecto, e realízase o correspondente axuste en febreiro. Ao longo do ano, os pagamentos realízanse correctamente, mais ao final do ano queda pendente de pagamento para xaneiro a nómina correspondente ao mes de decembro.

- Na comarca de A Estrada:

Realízanse ben os pagamentos, mais queda pendente de pagamento para xaneiro a extra e a nómina de decembro.



- No grupo parlamentario:

Prodúcese un erro no pagamento da nómina extra por importe de 10,20 euros.

Instamos a toda a organización a que preste maior atención aos pagamentos realizados neste capítulo.

No anexo V axúntanse os maiores das mostras tomadas. Para a súa verificación, tamén se solicitaron nóminas.

- Da compra dun local a nivel Nacional:

No ano 2023 comprouse o local comarcal de Vigo. Verifícase que a Executiva Nacional autorizou expresamente esa xestión e esa compra.

Axúntase documentación no anexo VI.

- Dos traspasos da Fundación Galiza Sempre:

Durante o ano 2023, o BNG aportou á Fundación Galiza Sempre un total de 81.700 euros. A Executiva Nacional autorizou estas achegas.

- Dos préstamos bancarios:

Da documentación verificada non se detectou ningunha alteración nin anomalía. Só queda un préstamo hipotecario activo durante o exercicio.

- Dos gastos electorais:

Fíxose unha mostraxe segundo se foron revisando os diferentes capítulos de gasto.

Comprobouse que se bloquearon as contas bancarias.

Tamén se verificou que, con data 21 de xaneiro, en previsión de que en maio houber eleccións municipais, realizouse unha formación con responsábeis comarcais, de finanzas, locais, etc., para explicar a diferenza entre un gasto ordinario e un gasto electoral, así como cando e que se consideraba gasto electoral, requisitos das facturas electorais, etc., co fin de cumprir estritamente a lei. Posteriormente, matizáronse algúns conceptos de gasto electoral tras as Xornadas de formación organizadas polo Tribunal de Contas.

## SISTEMA DE PREVENCIÓN DE RISCOS PENAIS

Analizado o SPRP implementado, non se detectou ningunha incidencia nin carencia, considerando que as medidas adoptadas para cada un dos supostos son adecuadas a día de hoxe. Por iso, avalíase que non é necesario realizar ningún cambio e propóñense a continuación co SPRP vixente aprobado.

Analizados os obxectivos do SPRP, identificadas as actividades desenvolvidas pola formación e avaliados os posíbeis riscos e a resposta aos mesmos a través dos protocolos establecidos, o control, a información e a comunicación, o funcionamento das actividades foi correcto.

Como exemplo de medidas implementadas, e en aplicación do protocolo establecido no SPRP, verificase que hai unha única conta bancaria exclusiva para o ingreso de cotas, sen ingresos por este concepto en outras contas nin ingresos de distinta natureza na mesma. Ao mesmo tempo, tamén se comprobou que os datos dos doantes foron comunicados en tempo e forma á Axencia Tributaria.

Ademais, en 2023 houbo dous procesos electorais: eleccións locais o 28 de maio de 2023 e eleccións xerais o 23 de xullo de 2023. Este órgano de control interno tamén puido verificar que se aplicou correctamente o protocolo establecido para os períodos electorais, é dicir, o bloqueo de todas as contas bancarias das comarcas.

## **CONCLUSIONES**

Instamos á organización a corrixir todos os erros detectados e a impor mecanismos de control e traballo que permitan rectificar os mesmos, co fin de minimizar os erros que se poidan producir.

Instamos á organización a que revise comarca a comarca que se aplican as consideracións e que se executen as instancias que se recollen neste informe.

No caso do pagamento de nóminas, a pesar de que se mellorou moito, debe ser un hábito a recepción, cotexo e posterior pagamento da nómina pertinente. No que respecta ao pagamento de alugueiros, sucede o mesmo. É certo que se aprecia que o bloqueo das contas afecta a este capítulo, pero consideramos que é unha medida imprescindible, aínda que implique que, unha vez desbloqueadas as contas, as comarcas teñan que revisar e saldar os saldos posteriormente; mais esa revisión é fundamental.

Instamos á organización, en xeral, a prestar máis atención no día a día e a intentar compatibilizar mellor o desorde que poden xerar varios procesos electorais no mesmo exercicio, co fin de mellorar a xestión e lograr a consecución dos obxectivos marcados nas pautas de elaboración deste informe.

Instamos á organización a que implante novas medidas de control máis estritas e rigorosas, para seguir cumprindo os obxectivos acadados e aspirar a cumprir os que non foron alcanzados.

Instamos á organización nacional a que realice cursos de formación para as comarcas, co fin de que estas poidan cumprir os obxectivos.



# ANEXO I



D. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

## SOLICITO

**- Cambio das persoas autorizadas da conta bancaria aberta na Caixa Galicia ES56/2080/0408/8830/4001/0417**

Causa baixa de autorizado neste intre:

Xacobe Ribeiro Vázquez                      76.721.170-R

Pasa a ser autorizadas/os desde este intre:

Xavier López Pousa                              44446826-Q

Disposición indistinta.

**- Que se inclúan ditos cambios para acceso á banca electrónica, contrato nº 200309607**

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 11 de xaneiro de 2023.

Ester Vázquez Vázquez  
Representante Xeral  
Bloque Nacionalista Galego



D. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

### SOLICITO

- **Cambio das persoas autorizadas da conta bancaria aberta en abanca ES05/2080/0524/80/3040009904**

Dar de baixa como autorizada desta conta a:

Mauro Chivite Alcalde                      35585583-Y

Dar de alta como autorizada desde este intre a:

Hadrian Bautista Pazo                      15493491-R

Disposición conxunta.

- **Que se inclúa dito cambio para o acceso á banca electrónica, contrato nº10016803.**

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 11 de xaneiro de 2023.

Ester Vázquez Vázquez  
Representante Xeral  
Bloque Nacionalista Galego



D. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

### **SOLICITO**

- **Cambio das persoas autorizadas da conta bancaria aberta en abanca ES63/2080/0126/2130/4003/6016**

Dar de baixa como autorizada desta conta a:

Mónica Rodríguez Vázquez                      76622625-B

Dar de alta como autorizado desde este intre a:

Manuel Luaces Fernández                      76623526-S

Disposición conxunta.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 22 de xuño de 2023.

Ester Vázquez Vázquez  
Representante Xeral  
Bloque Nacionalista Galego



## CANCELACIÓN DE PRODUCTO

UNIDAD DE ORIGEN	FECHA	TIPO DE OPERACIÓN	MON	NÚMERO DE PRODUCTO
0300 SANTIAGO-O.P.	01-02-2023	ABONO EN CUENTA	EUR	IBAN ES42 2080 0300 8730 4558 2463


CONCEPTO	FECHA VALOR	IMPORTE
SALDO ANTES DE LA OPERACION	01-02-2023	333.026,19
TOTAL COMISIONES PENDIENTES	01-02-2023	20,77
SERVICIO DE MANTENIMIENTO	01-02-2023	20,77
ABONO A REALIZAR EN: CUENTA->IBAN ES51 2080 0300 8230 4011 5529	01-02-2023	333.005,42
<b>TOTAL</b>		<b>333.005,42</b>

Anotamos en su cuenta el importe indicado.  
ABANCA Corporación Bancaria, S.A.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

G32014003



FIRMA



BIEITO LOBEIRA DOMINGUEZ

52494012P

FIRMA







## CANCELACIÓN DE PRODUCTO

UNIDAD DE ORIGEN 0300 SANTIAGO-O.P.	FECHA 01-02-2023	TIPO DE OPERACIÓN ABONO EN CUENTA	MON EUR	NÚMERO DE PRODUCTO IBAN ES27 2080 0300 8130 4558 8071
--	---------------------	--------------------------------------	------------	--

CONCEPTO	FECHA VALOR	IMPORTE
SALDO ANTES DE LA OPERACION	01-02-2023	351.215,06
TOTAL COMISIONES PENDIENTES	01-02-2023	20,77
SERVICIO DE MANTENIMIENTO	01-02-2023	20,77
ABONO A REALIZAR EN: CUENTA->IBAN ES51 2080 0300 8230 4011 5529	01-02-2023	351.194,29
<b>TOTAL</b>		<b>351.194,29</b>

Anotamos en su cuenta el importe indicado.  
ABANCA Corporación Bancaria, S.A.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO - ELECCIONS GALEGA S 2020

BIEITO LOBEIRA DOMINGUEZ

52494012P

FIRMA

FIRMA



## CANCELACIÓN DE PRODUCTO

UNIDAD DE ORIGEN	FECHA	TIPO DE OPERACIÓN	MON	NÚMERO DE PRODUCTO
0300 SANTIAGO-O.P.	01-02-2023	ABONO EN CUENTA	EUR	IBAN ES70 2080 0300 8330 4558 5647

CONCEPTO	FECHA VALOR	IMPORTE
SALDO ANTES DE LA OPERACION	01-02-2023	47.657,82
TOTAL COMISIONES PENDIENTES	01-02-2023	20,77
SERVICIO DE MANTENIMIENTO	01-02-2023	20,77
ABONO A REALIZAR EN: CUENTA->IBAN ES51 2080 0300 8230 4011 5529	01-02-2023	47.637,05
<b>TOTAL</b>		<b>47.637,05</b>

Anotamos en su cuenta el importe indicado.  
**ABANCA** Corporación Bancaria, S.A.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

632014003

FIRMA

BIEITO LOBEIRA DOMINGUEZ

52494012P

FIRMA





Dna. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

### **SOLICITO:**

Que se **bloqueen as contas a partir do día 4 de maio** que se relacionan a continuación e que non se poidan facer as seguintes operacións até que se levante o bloqueo:

- Ingresos en efectivo
- Reintegros e cargos non domiciliados
- Pago de facturas non domiciliadas
- Pago de cheques

As contas a bloquear serían:

#### CONTAS AFORRO Á VISTA

2080-0117-16-3000052448  
2080-0125-88-3000062919  
2080-0140-11-3000092870  
2080-0150-72-3000132404  
2080-0160-45-3000032636  
2080-0202-38-3000091321  
2080-0311-11-3000120263  
2080-0370-95-3000105189  
2080-0381-01-3000011849  
2080-0631-50-3000023451  
2080-5057-49-3000141224

#### CONTAS CORRENTES

2080-0071-21-3040006443  
2080-0012-34-3040028979  
2080-0012-35-3040020034  
2080-0018-04-3040023339  
2080-0023-53-3040002162  
2080-0104-94-3040006015  
2080-0109-13-3040013299  
2080-0119-96-3040017718  
2080-0206-15-3040014149



2080-0316-22-3040010971  
2080-0400-10-3040040149  
2080-0400-13-3040036196  
2080-0407-30-3040006994  
2080-0408-88-3040010417  
2080-0411-33-3040012179  
2080-0417-08-3040003148  
2080-0506-20-3040016753  
2080-0520-18-3040004405  
2080-0522-98-3040016290  
2080-0524-80-3040009904  
2080-0525-28-3040003171  
2080-0533-06-3040002610  
2080-5000-66-3040266354  
2080-5168-18-3040018931  
2080-5187-14-3040002118  
2080-5406-84-3040111632  
2080-0126-21-3040036016

**O que si ten que poder entrar son as facturas domiciliadas e as transferencias automáticas.**

Agardando resposta e para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 25 de abril de 2023.

Ester Vázquez Vázquez  
Representante Xeral  
Bloque Nacionalista Galego



Dna. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

**SOLICITO:**

Que se **bloquee a conta 2080/5540/3130/4000/5540 a partir do día 5 de xullo até o 26 de xullo** unicamente para facer calquera tipo de ingreso.

Agardando resposta e para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 26 de xuño de 2023.

Ester Vázquez Vázquez  
Representante Xeral  
Bloque Nacionalista Galego



Dna. ESTER VAZQUEZ VAZQUEZ, con D.I. 77.403.216-M, maior de idade, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 – baixo, na súa condición de REPRESENTANTE XERAL da asociación política BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, con CIF G-32.014.003:

### **SOLICITO:**

Que se **bloqueen as contas a partir do día 5 de xullo até o 26 de xullo** que se relacionan a continuación e que non se poidan facer as seguintes operacións até que se levante o bloqueo:

- Ingresos en efectivo
- Reintegros e cargos non domiciliados
- Pago de facturas non domiciliadas
- Pago de cheques

As contas a bloquear serían:

#### CONTAS AFORRO Á VISTA

2080-0150-72-3000132404  
2080-0311-11-3000120263  
2080-0370-95-3000105189  
2080-0381-01-3000011849  
2080-5057-49-3000141224

#### CONTAS CORRENTES

2080-0071-21-3040006443  
2080-0012-34-3040028979  
2080-0012-35-3040020034  
2080-0018-04-3040023339  
2080-0023-53-3040002162  
2080-0104-94-3040006015  
2080-0126-21-3040036016  
2080-0119-96-3040017718  
2080-0206-15-3040014149



2080-0316-22-3040010971  
2080-0400-10-3040040149  
2080-0400-13-3040036196  
2080-0407-30-3040006994  
2080-0408-88-3040010417  
2080-0411-33-3040012179  
2080-0417-08-3040003148  
2080-0506-20-3040016753  
2080-0520-18-3040004405  
2080-0522-98-3040016290  
2080-0524-80-3040009904  
2080-0525-28-3040003171  
2080-0533-06-3040002610  
2080-5000-66-3040266354  
2080-5168-18-3040018931  
2080-5406-84-3040111632

**O que si ten que poder entrar son as facturas domiciliadas e as transferencias automáticas.**

Agardando resposta e para que conste aos efectos oportunos, expido a presente solicitude en Santiago de Compostela , a 26 de xuño de 2023.

**Ester Vázquez Vázquez**  
**Representante Xeral**  
**Bloque Nacionalista Galego**



## **ANEXO II**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela Galiza  
Tfno. 981555850 Fax 981555851  
[sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal)

**ESTER VÁZQUEZ VÁZQUEZ**, con NIF núm. 77.403.216-M, na miña condición de Representante Xeral do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Asociación Política inscrita no Libro de Inscricións do Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio del Interior, Tomo III, folio 392, con data 24 de xuño de 1996, con CIF G-32014003, **CERTIFICO**:

Que o Consello Comarcal do BNG de Valdeorras, segundo consta nos seus Libros de Actas, autorizou a contratación do aluguer dun local no concello de A Rúa de Valdeorras, situado en R/ Progreso, Nº 52, 32350, na localidade de A Rúa de Valdeorras, para usos relacionados coa actividade política do BNG nesa localidade, e por importe de 295 euros mensuais máis impostos.

Que, así mesmo, DELEGA e FACULTA en **ROBERTO QUIROGA LÓPEZ**, con NIF núm. 76.704.517-T, en calidade de Responsábel Comarcal do BNG na comarca de Valdeorras, que comprende o concello de A Rúa, para que formalice o correspondente contrato de aluguer, cos pactos e condicións que estime convenientes.

E para que conste asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2023.

Asdo. D<sup>a</sup>. Ester Vázquez Vázquez

## CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE USO DISTINTO DE VIVENDA

Na Rua de Valdeorras. a 1 de marzo de dous mil vinte e tres.

### REUNIDOS

Dunha parte, como arrendadora María Eva Rodríguez López maior de idade, con N.I.F. 34255098-W veciña da Rúa Padilla, nº 295 – P03-1 de Barcelona,

Doutra parte, como arrendatario, Roberto Quiroga López, maior de idade, con N.I.F 76704517-T, con domicilio na Rúa do Barrio, nº 5 da Rua de Valdeorras,

### COMPARECEN

Dona María Eva Rodríguez López en nome propio e Don Roberto Quiroga López en nome e representación do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), con CIF: G-32.014.003, e recoñecéndose mutuamente capacidade legal para outorgar este contrato

### MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que Dona María Eva Rodríguez López é propietaria do local sito na Rúa Progreso, nº52 – 32350 – da Rua de Valdeorras.

SEGUNDO.- Que Dona María Eva Rodríguez López e Don Roberto Quiroga López en nome e representación do BNG conviñeron o arrendamento do devandito inmovible, formalizando o mesmo de acordo coas seguintes:

### ESTIPULACIÓNS

1ª.- O prazo de duración do contrato é de 3 meses.

2ª.- O destino do inmovible será a sede local do partido político BNG

3ª.- Como prezo do arrendamento, fíxase como renda mensual a cantidade de 300 euros. A renda pactada incrementarase co IVE correspondente ou imposto que o substitúa, e descontaráselle a retención vixente que o BNG ingresará en facenda a nome do arrendador.

O prezo do arrendamento será aboado por mensualidades anticipadas no prazo dos 5 primeiros días de cada mes, que serán ingresados na conta bancaria nº ES05/2080/0456/5330/0002/4728 de Abanca.

4ª. No momento de celebración do contrato, o arrendatario procederá ao ingreso mediante transferencia a conta bancaria indicada dunha fianza equivalente a dúas mensualidades de renda, a cal será devolta unha vez finalizado o contrato ou rescindido o mesmo, e comprobado polo propietario o estado do local arrendado e as cantidades que puideran quedar pendentes de pago en dito momento.

5ª.- Queda expresamente prohibido ao arrendatario o subarrendo ou cesión total ou parcial da vivenda arrendada. A falta de cumprimento da devandita prohibición levará a nulidade do subarrendo ou cesión efectuada, sendo causa suficiente para que a arrendadora poida instar a resolución do contrato.

6ª.- Os gastos ocasionados polos servizos do local e en concreto os individualizados en aparellos contadores, serán de conta e cargo exclusivo do arrendatario.

7ª.- O arrendatario non poderá practicar obra de clase algunha no local, sen previo e expreso consentimento por escrito do arrendador.


8ª.- Transcorrido o prazo de duración do contrato o arrendatario deberá deixar a disposición do arrendador o local arrendado en perfecto estado, sen necesidade de requerimento previo.

9ª.- Son causas de resolución do presente contrato, ademais das previstas no artigo 35 da LAU o incumprimento por calquera das partes dalgunha das obrigacións estipuladas no presente contrato.

En todo o que non estea expresamente estipulado neste contrato, as partes as partes someten-se ao disposto na Lei 29/1994, de Arrendamentos Urbanos, e nos artigos 1.542 a 1.574 e 1.580 a 1.582 do Código Civil.


E para que así conste aos efectos oportunos, os contratantes asinan o presente contrato por duplicado no lugar e data indicada no encabezamento.

O ARRENDADOR



O ARRENDATARIO

Ma ~~era~~ Rodríguez Lopez



**Asunto:** Solicitud de aluguer local Xunqueira de Ambía

**De:** Jonatan Rivas Pérez <jonatan.allariz@hotmail.com>

**Data:** 28/06/2023, 23:00

**Para:** Bieito Lobeira Domínguez <bieito@bng.gal>, Maica Añón <maica@bng.gal>, Lucía López Sobrado <lucia@bng.gal>, Lucía López Sobrado <lucia@bng.gal>, sonia vidal <sonia-vidal@hotmail.com>

Ola, en Xunqueira de Ambía levan anos usando un local que está o aluguer a nome de Iniciativa por Xunqueira. Agora que se integraron no BNG e xa son oficialmente concelleiro@s do BNG despois das eleccións municipais, solicitamos o cambio do contrato de aluguer para o BNG. Os datos son os seguintes.

Rúa Concepción Arenal n1  
32670 Xunqueira de Ambia

O prezo estaba en 150€ mais luz mais Auga  
Estamos a espera que nos confirmen si nos manteñen

Un saúdo

Enviouse desde [Outlook para Android](#)



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo  
15703 Santiago de Compostela Galiza  
Tfne. 981555850 Fax 981555851  
[sedenacional@bng.gal](mailto:sedenacional@bng.gal)

